



CONCELLOS

LUGO

Anuncio

Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS CELEBRACIÓN DE FESTAS DE PARROQUIAS E PATRONAIS.**

Vista a proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua de data 06.02.2025, obrante no expediente, na parte expositiva do cal se fai constar o seguinte:

<<INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CELEBRACIÓN DE FESTAS DE PARROQUIAS E PATRONAIS.

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, estima necesario difundir as bases reguladoras das propostas e solicitudes de localizacións e actuacións culturais e artísticas en parroquias e barrios do Concello de Lugo.

*Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/7/2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30/04/2024 nas súas actuais redaccións, **PROPONSE** para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:*

PRIMEIRO.- Aprobar bases reguladoras das propostas e solicitudes de localizacións e actuacións culturais e artísticas en parroquias e barrios, que seguidamente se transcriben:

<< DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI E ARTÍSTICAS EN PARROQUIAS E BARRIOS DO CONCELLO DE LUGO. BASES REGULADORAS DAS PROPOSTAS E SOLICITUDES DE LOCALIZACIÓNS E ACTUACIÓNS.

Unha das competencias municipais da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua é a promoción da cultura e do turismo e no seu desenvolvemento lévanse a cabo diversas propostas e actuacións artísticas e culturais localizadas en distintos espazos públicos do municipio, que se van programando co obxecto de satisfacer o interese xeral da veciñanza.

Así mesmo, moitos dos barrios e parroquias do Municipio, como unha manifestación da súa cultura e dilatada tradición, organizan por conta propia diversos actos para celebrar as súas festas patronais ou parroquiais.

Estas celebracións, moi arraigadas na cultura popular e que organiza a veciñanza das respectivas zonas, teñen moito en común coas actividades que se desenvolven dende esta Área en canto ao mantemento e promoción da cultura.

Por ditos motivos, nesa mesma liña, por parte desta Área enténdese axeitado que o Concello, co ánimo de enriquecer ditas celebracións e como execución dos fins que lle son propios, programe tamén actuacións nesas localizacións, debido ao interese artístico e de promoción do turismo que espertan estes eventos.

Co obxecto de levar a cabo unha escoita activa dos intereses e gustos dos veciños e permitir así que tomen parte nas programacións artísticas e culturais a desenvolver na súa contorna, establécense e difúndense unhas bases que estruturen o procedemento de participación dos posibles interesados.

Por todo o exposto, a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Excmo. Concello de Lugo regula a tramitación de solicitudes de localizacións e actuacións artísticas e culturais en parroquias e barrios, tendo en conta as seguintes BASES:

1.- O prazo de solicitude permanecerá aberto durante todo o ano a PARROQUIAS e BARRIOS, así como a GRUPOS de música tradicional da cidade, dúos musicais, solistas, representacións de maxia, corais, etc. As actuacións poderán ser autorizadas ata o esgotamento do crédito orzamentario reservado a tal fin en cada exercicio.

2.- As parroquias e barrios deberán xuntar o modelo oficial 406 do Excmo. Concello de Lugo (Solicitude de actuacións para celebración de festas patronais... https://concellodelugo.gal/sites/default/files/documentos/adjuntos/2024/02/406gl_solic_grupos_festas.pdf), debidamente cuberto e asinado e presentarase no rexistro do Excmo. Concello de Lugo.

Poderán presentar a solicitude tanto as Asociacións de Veciños coma as Comisións de Festas debidamente acreditadas que se encarguen de organizar as festas.

A estes efectos e con carácter previo á autorización da programación cultural ou artística nas datas e lugares solicitados, coincidentes coas celebracións populares das festas parroquiais ou patronais organizadas, unha vez recibida a solicitude fixarase unha data na que os representantes das parroquias e barrios terán unha entrevista coa Concelleira Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a presentación do proxecto cultural a levar a cabo e o seu mellor coñecemento.

Unha vez celebrada a festa, deberán presentar o Anexo I do mencionado modelo oficial 406 (Declaración responsable para os efectos de confirmar a actuación municipal programada -do grupo de música tradicional, maxia, dúo musical, coral, ...-), así como a inserción do logo da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua no cartel publicitario das festas que se celebren, no caso de que se faga cartel, incluíndo así mesmo dita colaboración na difusión que se realice nas RR.SS. ou outros medios. No caso de que non haxa cartel físico coa programación, deberase indicar esta circunstancia na mencionada entrevista previa, ou no caso de imprevistos debidamente xustificados, avisar ao Servizo de Cultura coa máxima antelación posible, debendo nestes casos o grupo contratado mencionar esta colaboración antes da súa actuación. A non observancia destas indicacións poderá supoñer que non se teñan en consideración os proxectos presentados en posteriores ocasións.

3. Os grupos de música tradicional, maxia, corais, dúos musicais, solistas ou outros, que se queiran presentar para a súa posterior contratación para ditas actuacións en barrios e parroquias, deberán cubrir e asinar o Anexo (solicitude de inscrición) que acompaña a estas bases.

Para participar deberase enviar un correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal indicando no asunto "Solicitude inscrición Grupos Música Tradicional, Maxia, Coral, Dúo Musical/Solista, outros ... para actuacións festas parroquiais" e achegando a mencionada folla de inscrición que figura como Anexo a estas bases.

A listaxe que se constitúa ao efecto manterase aberta durante todo o ano para que se inscriban os grupos que estean interesados en actuar coas seguintes condicións:

- O prezo establecido para a actuación realizada será o correspondente ao caché ofertado, cun máximo de 450,00 euros (IVE incluído), importe máximo igual para todos con independencia da súa composición.
- A duración mínima da actuación será de 90 minutos.
- Para a súa selección, dentro da lista dos inscritos da que se dará previo coñecemento, terase en conta preferentemente a solicitude das parroquias e barrios, así como a alternancia, o fomento da tradición popular, a significación cultural, etc. Ao terse en conta preferentemente a elección das parroquias e barrios, esto puidera supoñer que algúns inscritos non resulten seleccionados.

4. Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios do Excmo. Concello de Lugo, sendo obxecto da maior difusión posible.

ANEXO

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN ACTUANTES

1.- Seleccionar a categoría de actuación que oferta:

- Grupo de Música Tradicional
- Maxia
- Coral
- Dúo Musical / Solista
- Outros (detallar): _____

2.- DATOS FISCAIS E DE CONTACTO

- Razón social/Nome e apelidos:
- NIF/DNI:
- Nome representante (no seu caso):
- DNI representante:
- Enderezo e Código Postal:
- Localidade:
- Nome artístico:
- Número Teléfono:
- Correo electrónico:
- Importe caché (máximo 450 € IVE incluído):

3.- DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Que están ao corrente das obrigas tributarias, censais e coa Seguridade Social, así como no cumprimento dos requisitos establecidos para poder participar, entre outros, a capacidade para contratar, a debida representación e que non están en prohibición para contratar, comprometéndose a manter esta situación durante todo o tempo de tramitación dos expedientes, e a súa acreditación ante o Concello cando sexa requirido, quedando obrigado a comunicar calquera variación desta situación.

Lugo, _____ de _____ de 202_____

Asdo.: _____ >>

SEGUNDO.- Reservar crédito a tal fin por importe de 21.150,00 euros (RC 2551/25), na partida orzamentaria 33000.22699, do vixente orzamento municipal, con cargo ao cal se realizará a tramitación correspondente dos gastos debidamente autorizados.

TERCEIRO.- Publicar estas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios do Excmo. Concello de Lugo, sendo obxecto da maior difusión posible.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo ás dependencias e servizos municipais afectados.

É canto procede informar>>.

Así mesmo, consta informe do Servizo de Intervención Xeral Municipal nº 2025/193 de data 11 de febreiro de 2025, no que manifesta como resultado da fiscalización previa limitada: procede a tramitación do expediente.

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/7/2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30/04/2024 na súas actuais redaccións, **PROPONSE** para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución.;

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar bases reguladoras das propostas e solicitudes de localizacións e actuacións culturais e artísticas en parroquias e barrios.

SEGUNDO.- Reservar crédito a tal fin por importe de 21.150,00 euros (RC 2551/25), na partida orzamentaria 33000.22699, do vixente orzamento municipal, con cargo ao cal se realizará a tramitación correspondente dos gastos debidamente autorizados.

TERCEIRO.- Publicar estas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios do Excmo. Concello de Lugo, sendo obxecto da maior difusión posible.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Cúmprase.

Lugo, 12 de febreiro de 2025.- A Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón.

R. 0411

Anuncio

Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS XXVII EDICIÓN DO CERTAME DE NARRACIÓN CURTA ÁNXEL FOLE.**

Vista a proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua de data 07.02.2025, obrante no expediente, na parte expositiva do cal se fai constar o seguinte:

<< INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

ASUNTO: XXVII EDICIÓN DO CERTAME DE NARRACIÓN CURTA ÁNXEL FOLE

COMPETENCIA MUNICIPAL

Segundo o establecido no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a promoción da cultura é unha competencia municipal propia. En base a isto, desde a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua organízanse diferentes actuacións ao longo do ano para desenvolver unha programación cultural que facilite a participación da cidadanía nestas actividades.

INFORME

O Certame de Narración Curta Ánxel Fole, que este ano cumpre a súa XXVII edición, é un premio literario encamiñado á difusión e promoción de escritores en lingua galega dotado cunha contía de 4.000,00 € máis a publicación da obra gañadora. A estes efectos, propónse a súa convocatoria e execución.

Tendo en conta o informe da Tesourería Municipal sobre existencia de consignación orzamentaria no RC 3523/2025 (33000.48101) do vixente orzamento municipal, previa a fiscalización correspondente, a aprobación polo órgano correspondente.

Conforme ao anterior, este Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua estima conveniente elevar proposta relativa á convocatoria e bases reguladoras do XXVII Certame de Narración Curta Ánxel Fole, que se recollen de seguido, para súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución.

Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, do 26/07/2023 e Decreto núm. 464/2024 do 19/01/2024 na súas actuais redaccións, PROPONSE para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria da XXVII edición do Certame de Narración Curta Ánxel Fole.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras da XXVII edición do certame de narración curta Ánxel Fole que seguidamente se transcriben:

"BASES DA XXVII EDICIÓN DO CERTAME DE NARRACIÓN CURTA

"ÁNHEL FOLE" - 2025

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca a XXVII Edición do Certame de Narración Curta Ánxel Fole, que se rexerá polas seguintes

BASES

1ª. Poderá concorrer calquera autora ou autor, maior de idade, de calquera nacionalidade, que presente unha obra escrita en lingua galega conforme á normativa oficial, establecida pola Real Academia Galega. As obras presentadas deben ser orixinais e inéditas, entendendo por obra inédita a que non foi comunicada nin na súa totalidade nin en parte por ningún tipo de procedemento.

2ª. As obras presentadas poderán consistir tanto nunha novela curta como nun conxunto de relatos, en calquera caso cunha extensión total mínima de 50 páxinas estándar e máxima de 100, equivalentes respectivamente a 90.000 e 180.000 caracteres con espazos. Cada autora ou autor poderá presentar exclusivamente un traballo.

Os traballos presentaranse en dous formatos, PDF e Word, co tipo de letra Arial, tamaño 11, con interliñado sinxelo, parágrafo xustifico, sen formato especial e as páxinas numeradas abaixo á dereita.

Non se admitirá ningunha obra realizada total ou parcialmente con intelixencia artificial.

3ª. Os orixinais presentaranse por correo electrónico no enderezo cultura@lugo.gal indicando XXVII CERTAME ÁNHEL FOLE.

Ese correo-e conterá dous documentos:

A.- O texto que se presenta a concurso, baixo LEMA ou pseudónimo, sen ningún dato que identifique a autoría.

B.- Outro a modo de plica no que constará o lema ou pseudónimo e o título da obra, e no corpo do documento o nome completo (e o nome literario ou pseudónimo de publicación no seu caso), o enderezo e o teléfono da autora ou autor, o correo electrónico, unha fotocopia do DNI ou pasaporte e copia escaneada da declaración xurada que figura no anexo I destas bases. É necesario que este documento estea asinado.

Co obxecto de preservar a identidade dos autores durante o proceso de deliberación, estes documentos identificativos serán custodiados polo persoal do Servizo de Cultura e non serán enviados ao Xurado. Con posterioridade ao ditame, incorporaranse os datos da persoa gañadora na resolución adoptada polo órgano competente.

4ª. Establécese un único premio de catro mil (4.000) euros, que estará suxeito ás retencións legalmente establecidas (retencións correspondentes de acordo co Real decreto lei 26/2014, de 27 de novembro, polo que se modifica a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas).

O premio, que será pagado mediante transferencia bancaria á conta que indique o premiado/a, con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48101.

Enténdese que o importe do premio inclúe e compensa os dereitos económicos polos primeiros mil exemplares vendidos da obra premiada, aos cales as autoras e autores renuncian polo feito de presentárense a este certame e obteren o premio.

5ª. A obra premiada será publicada por Edicións Xerais de Galicia, S.A. Esta editorial asinará coa autora ou autor un contrato de edición nas condicións habituais, sempre de acordo coa lexislación vixente sobre a propiedade intelectual, e tendo en conta a exención prevista na base anterior. A autora ou autor recibirá gratuitamente trinta (30) exemplares da primeira edición, e o Concello de Lugo cen (100).

6ª. O prazo de presentación das obras será de TRINTA DÍAS HÁBILES, contados dende o día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- *Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.*
- *Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos.*
- *Cando os traballos presentados non se axusten ás bases do concurso.*
- *Cando utilicen a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.*

Os traballos deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminar que poida inducir ao consumo de alcohol ou calquera outro tipo de drogas, segundo a lexislación vixente.

As obras presentadas fora do prazo anteriormente establecido non serán admitidas na presente convocatoria.

A relación de obras presentadas a concurso, identificadas polo seu lema, será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando no seu caso as admitidas e excluídas, así como as súas causas e, no seu caso, os prazos de subsanación conforme ao artigo 68 da LPACAP.

7ª. As obras presentadas someteranse á decisión do xurado.

O xurado deliberante estará formado por tres persoas competentes na materia, de recoñecido prestixio e vinculadas coa literatura e/ou sectores relevantes do eido das letras e da cultura, designadas pola Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, unha delas a proposta de Edicións Xerais de Galicia. Ditos membros actuarán coa mesma categoría sen asignación de presidencia e vogalías, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso mediante resolución que será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Con voz e sen voto, formarán tamén parte do xurado a Concelleira de Cultura e unha funcionaria ou funcionario que ela designe e que actuará como secretaria ou secretario.

8ª. Nun prazo máximo de tres meses dende o remate da presentación de traballos, o xurado formulará unha proposta de concesión, da que levantará a correspondente acta, que será asinada por todos os membros do xurado, en base aos criterios de valoración establecidos na presente convocatoria e que se recollerá na resolución do órgano competente. O xurado pode propoñer declarar deserto o premio no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas.

A resolución da concesión do premio que recolle o ditame do xurado darase a coñecer nos días seguintes e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9ª. Criterios: A decisión do xurado axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición.
- Calidade artístico- literaria do traballo.
- Beleza do discurso narrativo.
- Técnica literaria.
- Forza expresiva do texto.
- Orixinalidade do relato.
- Creatividade do autor/a.

10ª. As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida da súa competencia, sen prexuízo dos recursos que procedan. Para calquera consulta sobre algún pormenor da

actividade, deberán poñerse en contacto co Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297 212 / 216 /217/ 106 / 334 ou no correo-e cultura@lugo.gal

11ª. O/A participante que resulte premiado deberá de acreditar con certificacións que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como non ter débedas co Concello de Lugo.

12ª. Se no período de tempo transcorrido entre a presentación dunha obra e o ditame do xurado esa obra obtiver outro premio, a autora ou autor débello comunicar inmediatamente ao Concello de Lugo, retirándoa do Certame Ánxel Fole. En calquera caso, enténdese que a obtención dun premio anterior implica a renuncia automática ao premio Ánxel Fole que lle puidera ser atribuído a esa obra por descoñecemento desta circunstancia, sen prexuízo doutras responsabilidades nas que a autora ou autor puidera incorrer pola omisión do deber formulado nesta base.

13ª. Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

14ª. A participación no certame supón e implica a aceptación total das súas bases.

ANEXO I
FICHA DE INSCRICIÓN E DECLARACIÓN XURADA

CERTAME ÁNXEL FOLE 2025
CONCELLO DE LUGO

NOME	_____
APELIDOS	_____
ENDEREZO	_____
POBOACIÓN	_____ CP_____
PROVINCIA	_____
NIF	_____ TFNO. _____
DATA DE NACEMENTO	_____
CORREO-E	_____

DECLARO

- 1.- Que acepto as bases ou normas reguladoras da presente convocatoria.
- 2.- Que a obra presentada cumpre cos requisitos de participación, é orixinal, inédita e da miña autoría non sendo premiada en ningún outro certame ou concurso literario.
- 3.- Que como autor/a da mesma, non estou incurso en ningunha das circunstancias que prohíben ter a condición de beneficiario/a de subvencións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- 4.- Que me atopo ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento dos requisitos esixibles para obter a condición de beneficiario, no seu caso, do premio que puidera corresponder, comprometéndome a manter esta situación durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza, e a súa acreditación ante o Concello cando sexa requirido, quedando obrigado a comunicar calquera variación desta situación

..... , de de 2025"

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 4.000,00 euros con cargo á partida 33000.48101, RC 3523/2025 do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar.>>

Así mesmo, consta informe do Servizo de Intervención Xeral Municipal nº 2025/190 de data 11 de febreiro de 2025, no que manifesta como resultado da fiscalización previa limitada: procede a tramitación do expediente.

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/7/2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30/04/2024 na súas actuais redaccións, **PROPONSE** para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria da XXVII edición do Certame de Narración Curta Ánxel Fole.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras da XXVII edición do certame de narración curta Ánxel Fole.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 4.000,00 euros con cargo á partida 33000.48101, RC 3523/2025 do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

QUINTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Cúmprase.

Lugo, 12 de febreiro de 2025.- A Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón.

R. 0412

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 11 de febreiro de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xaneiro de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral

coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 12 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0421

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto de Alcaldía número 2025-0043, de 4 de febreiro de 2025, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA de recollida de LIXO correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2024.**

Por Decreto de Alcaldía número 2025-0042, de 4 de febreiro de 2025, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA da AUGA correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2024.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fixase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 3 de marzo de 2025 ata o 5 de maio de 2025, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos Padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 10 de febreiro de 2025.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0422

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía número 2025-0348 de data 12 de febreiro de 2025, acordase realizar unha convocatoria para proceder a adxudicar as tres vivendas sociais municipais (antigas vivendas dos mestres) que quedaron dispoñibles na anterior convocatoria.

Os requisitos e características do concurso serán as establecidas nas bases publicadas no BOP de Lugo núm.168, do 20 de xullo de 2024.

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na Sede electrónica do Concello <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es>.

As solicitudes presentaranse no departamento de Servizos Sociais na Casa da Cultura "Olga Novo" da Pobra do Brollón, en horario de 9 a 13 horas.

A Pobra do Brollón, 12 de febreiro de 2025.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 0413

RIBADEO*Anuncio***Expediente 4390/2024****EDICTO**

O Concello de Ribadeo, ao amparo do disposto no artigo 37 da vixente Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e demais normativa de aplicación en virtude de expediente que instrúe **ten intención de inscribir ao seu favor no Rexistro da Propiedade o inmovible que se describe na resolución seguinte da Alcaldía-Presidencia ditada no día de hoxe relativa á incorporación previa ao Inventario de Bens Municipais desta Entidade:**

RESOLUCION DA ALCALDÍA DE PROPOSTA DE INCLUSIÓN DE BENS E DEREITOS NO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE RIBADEO.-

Pola Alcaldía-Presidencia de conformidade co disposto no artigo 278 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e artigos 17 e ss. do Real Decreto 1372/1986 aprobatorio do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Visto expediente que se tramita para inmatriculación de parcela sita na zona Avda.Rosalía de Castro (ao final da mesma) Crta.Faro,9.Poligono 1. Barreiras (Segúndo Catastro)

Visto o informe xurídico de Secretaría de data 13/12/2024 que obra no expediente.

Esta Alcaldía no uso das atribucións que lle confire a vixente lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais de pertinente aplicación,

RESOLVE:

1º. **Propoñer a inclusión no Inventario Municipal de Bens deste Concello de Ribadeo**, previa tramitación do expediente procedente con información pública para alegacións por aquelas persoas que se consideren con algún dereito, dos bens e dereitos seguintes:

Urbano. Solo sen edificar.

Referencia catastral: 8631103PJ5283S0001FG

Clase: urbano. Superficie gráfica parcela: 1.216,00 m2

Titular catastral: Concello de Ribadeo.

Titular rexistral: No Rexistro da Propiedade de Ribadeo non consta inscrición algunha (nota rexistral 09/12/2024)

2º A expedición de certificación acreditativa desta proposta de inscrición no inventario municipal de Bens da Corporación, procedéndose de conformidade co disposto no artigo 279 da vixente Lei de Administración Local de Galicia.

A tal fin faise público o presente edicto para que calquera persoa que se considere con algún dereito sobre este ben inmovible que se pretende inscribir formule, no prazo de 30 días, as alegacións ou reclamacións que considere procedentes.

As mesmas poderán presentarse, no seu caso, no Concello de Ribadeo sito na Praza de España, 1. 27700 Ribadeo (Lugo), durante o referido prazo e/ou por calquera medio admitido en dereito conforme ao disposto na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Ribadeo, 13 de decembro de 2024.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez. O Secretario, José Antonio Carro Asorey.

R. 0414

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – COSPEITO

APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE COSPEITO 2025

BDNS (Identif.): 814616

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/814616>)

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE COSPEITO 2025

1. OBXECTO

Os festivais de disfraces terán lugar o día 28 de febreiro de 2025

- Festival de disfraces infantil: celebrarase a partir das 18:00 horas.
- Festival de disfraces para adultos: celebrarase cando finalice o festival infantil, aproximadamente a partir das 23:00 horas.

2. PARTICIPANTES

2.1.- Festival infantil: Poderán participar todas aquelas persoas interesadas ata os 16 anos de idade entre as asistentes á Festa de celebración do Entroido que terá lugar a partir das 18:00 horas. Participarase en tres categorías: individual, parellas e grupos ou comparsas, nas comparsas ou grupos poderá participar como máximo 1 adulto, en casos excepcionais onde o número de nenos menores de 16 anos sexa igual ou superior a 12 poderán participar 1 adulto por cada 12 nenos.

2.2.- Festival de adultos: Poderán participar as persoas maiores de 14 anos entre as asistentes á Festa de celebración do Entroido que terá lugar a partir das 23:00 horas. Haberá tres categorías: individual, parella (dúas persoas) e grupo ou comparsa (o grupo estará integrado por 3,4 ou 5 persoas e as comparsas estarán integradas por un mínimo de 6, nas comparsas poderán participar nenos/as de todas as idades cun mínimo de 3 adultos.

3. INSCRICIÓN

Os participantes deberán cumprimentar a folla de inscrición que corresponda segundo o concurso e a categoría na que queiran participar, que deberán entregar a calquera dos membros do xurado antes do comezo do concurso. Inscrición infantil: 17:00 horas; Inscrición adultos: 22:00 horas.

4. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

Os aspirantes ao concurso de disfraces, seguindo as indicacións que efectúe o xurado, desfilarán e mostrarán os seus disfraces, mostrándoos ao público e ao xurado.

Os participantes no concurso de grupos e comparsas que se celebrará durante o festival de adultos poderán realizar unha actuación na que interpretarán un máximo de tres cancións.

Poderán traer un USB coa música para acompañar a súa interpretación, si así o desexan, que deberá facilitárselle á organización no momento da súa inscrición.

Dado o carácter humorístico desta festa, o Concello non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das persoas participantes.

Cada comparsa deberá designar na súa folla de inscrición un representante que será á persoa á que se lle entregará o premio no caso de resultar gañadora.

O mesmo disfrace non poderá participar en 2 categorías distintas.

5. PREMIOS

Festival de disfraces de adultos:

a) Categoría individual:

- 1º premio: 90 €.
- 2º premio: 70 €.
- 3º premio: 50 €.

b) Categoría parellas:

- 1º premio: 130 €.
- 2º premio: 100 €.
- 3º premio: 80 €.

c) Concurso de grupos e comparsas:

- 1º premio: 240 €.
- 2º premio: 150 €.
- 3º premio: 120 €.

Engádense un premio especial de 120 euros a elección e segundo criterio dos membros do xurado únaa comparsa que non recibise outro premio.

6. BASES REGULADORAS

Pódense consultar na páxina web do Concello: <https://concellodecospeito.sedelectronica.es/info.0>

Cospeito, 12 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Armando Castosa Alvareño.

R. 0423

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO

Anuncio

BASES DA XXVII EDICIÓN DO CERTAME DE NARRACIÓN CURTA ANXEL FOLE 2025

BDNS (Identif.): 814488

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/814488>)

Poderá concorrer calquera autora ou autor, maior de idade, de calquera nacionalidade, que presente unha obra escrita en lingua galega conforme á normativa oficial, establecida pola Real Academia Galega.

As obras presentadas poderán consistir tanto nunha novela curta como nun conxunto de relatos, en calquera caso cunha extensión total mínima de 50 páxinas estándar e máxima de 100, equivalentes respectivamente a 90.000 e 180.000 caracteres con espazos.

Estabécese un único premio de catro mil (4.000) euros, que estará suxeito ás retencións legalmente establecidas (retencións correspondentes de acordo co Real decreto lei 26/2014, de 27 de novembro, polo que se modifica a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas).

A obra premiada será publicada por Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Lugo, 12 de febreiro de 2025.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 0415